

ABAU 2024
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento latino proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, o cal permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que citar os tratados sobre retórica de Cicerón (é suficiente mencionar tres) e explicar brevemente o seu contido.

4.1.2. Hai que explicar brevemente as principais características da comedia de Plauto: temas, personaxes, forma e lingua.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, a cal permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento da cuestión). Se algún alumno/-a responde a máis dunha

cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas, poñendo algún exemplo de uso en contexto adecuado.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2024

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación